

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 26 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 4/09/16), a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **un pai/nai**, dun total de **tres** que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes de pais/nais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2014.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que a partir da data de hoxe está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 12'00 horas do día **11 de novembro**.
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou titores/as legais, que formulen a súa **candidatura** segundo o modelo que se facilitará no centro e dispoñible na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvilarponte/>. As candidaturas poderán ser presentadas ata as **12'00** horas do día **11 de novembro**.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día **11** de novembro, ás **12'00** horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o **12 ao 22 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 24 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de dez electores/as.
- 7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 24 de novembro, de 15'30 a 19'30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 15:25 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo
- 9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
- 10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Viveiro, 4 de novembro de 2016
O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Beatriz González-Moro Galán